

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día dous de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2/210 INSTRUCCIÓNS PARA FIXAR AS DIRECTRICES DE FUNCIONAMENTO MUNICIPAL, ANTE A SUPRESIÓN DAS LICENZAS DE INSTALACIÓN DAS ACTIVIDADES E O ESTABLECEMENTO DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS AO INICIO DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS, EMPRESARIAIS, PROFESIONAIS, INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Licenzas do 26 de marzo de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:


“A entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, supuxo no ámbito desta comunidade, entre outras cuestións, a supresión con carácter xeral da necesidade da obtención da previa licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.

A partir da entrada en vigor da Lei, con carácter previo ó inicio das actividades ou da apertura dos establecementos, os interesados presentarán ante o Concello comunicación previa na que poñerán en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos, xunto coa documentación esixida.

Nas comunicacións previas ó inicio da actividade ou da apertura, correspóndelles ós concellos velar polo cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade, o seu control, inspección posterior e o réxime sancionador, estando obrigados a establecer e planificar os procedementos a seguir. Esta nova situación incorpora unha modificación substancial no relativo á intervención municipal nas actividades o que aconsella a elaboración e aprobación dunha ordenanza.

Por motivos de economía e eficacia, a redacción da ordenanza debería levarse a cabo unha vez aprobada a lei reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, actualmente en elaboración, e unha vez se teñan realizadas as autorizacións e rexistros das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), cuxa competencia corresponde á consellería que ten atribuída a materia de seguridade industrial, dada a incidencia que ambas terán sobre as actividades a comunicar e as actuacións de certificacións, verificacións, inspeccións e control de conformidade das instalacións, dos establecementos e das actividades. En consecuencia, mentres non sexa elaborada a oportuna ordenanza municipal que regula e planifique os procedementos a seguir nas comunicacións previas ó inicio das actividades, resultaría adecuado establecer as instrucións básicas de funcionamento a seguir no concello na comprobación, control e inspección das actividades.”

Código Seguro de verificación: oWBp jD9kEkFuTwISLAekBA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oWBp jD9kEkFuTwISLAekBA==	PÁGINA 1/5
 oWBp jD9kEkFuTwISLAekBA==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x180020210

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-4-2014

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Instrucións básicas de actuación nas comunicacións de actividades económicas, empresariais, profesionais, industriais ou comerciais.

SEGUNDO.- Publicar a presente Instrución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como na páxina web, para xeral coñecemento:


INSTRUCIÓN BÁSICAS DE ACTUACIÓN NAS COMUNICACIÓNS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, EMPRESARIAIS, PROFESIONAIS, INDUSTRIAIS OU COMERCIAIS

1º.- Actividades a comunicar de forma previa ó seu inicio:

- Deberán presentar a comunicación previa ó exercicio da actividade, calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como as actividades recreativas e espectáculos públicos, agás nos casos en que por razóns de interese xeral sexa necesaria a obtención de licenza municipal, conforme ó establecido no artigo 41 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- O cambio de titularidade das actividades.
- O cambio relativo ás condicións ou características da actividade ou do establecemento.
- A modificación na clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento, ou cando se produza a non realización da actividade comunicada por prazo superior a un ano.
- As actividades sometidas ós procedementos de avaliación de incidencia ambiental, así como as sometidas a autorización comercial autonómica.

2

Código Seguro de verificación: oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==	PÁGINA 2/5
			
oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==			

2º.- Actividades sometidas a licenza ou autorización

Exceptúanse da comunicación previa as actividades recollidas no artigo 41 da Lei 9/2013, para as cales previo ó inicio da actividade, deberase solicitar e ter concedida a previa licenza de instalación de actividade. Será precisa a obtención de licenza para a apertura establecementos destinados ás actividades recreativas e de espectáculos públicos con capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco.

A licenza deberá ser obtida antes do inicio da actividade.

3º.- A comunicación terá que vir acompañada da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.
- Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, con planos de localización a escala 1/1.000 da planimetría do Plan xeral de ordenación municipal, así como plano no que se localice o local dentro do inmovible no que se sitúa, memoria urbanística e memoria de superficies.
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- Se fora o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013.

Así mesmo, deberase presentar:

- Copia da licenza de construción do inmovible, se este é posterior ao ano 1969; se é anterior, deberá facelo constar expresamente na instancia.
- Copia da licenza de primeira utilización da edificación, se a obra se finalizou con posterioridade ao ano 1977.
- Cando se trate de actividades comerciais, aportarase ficheiro cuberto para a súa incorporación no Rexistro Galego de Comercio.

De ser o caso, deberá presentarse:

- No caso de que a actividade sexa exercida por unha sociedade ou comunidade de bens, copia da súa acta de constitución.
- No caso de actuar en representación, autorización escrita da persoa solicitante ou copia de poder para representala.
- Declaración dos datos que a xuízo da persoa solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente.

4º.- Desenvolvemento de actividades que precisen a realización de obras.

Se para o desenvolvemento da actividade é preciso realizar unha obra, sometida a licenza ou a comunicación previa, á solicitud de licenza urbanística ou

Código Seguro de verificación: oWBp jD9kEkFuTwISLAekBA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oWBp jD9kEkFuTwISLAekBA==	PÁGINA 3/5



presentación da comunicación previa, deberán engadir, xunto a documentación propia esixida para estas, a documentación acreditativa establecida no artigo 24.1 da Lei 9/2013.

As obras de acondicionamento para o desenvolvemento dunha actividade que estean sometidas a comunicación, presentaranse no Rexistro xunto a totalidade da documentación antes indicada, cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución, para os efectos de comprobar se é completa e se cumpre os requisitos esixibles, de acordo co establecido no artigo 194.5 da Lei 9/2002.

As obras que leven a cabo o desenvolvemento dunha actividade e estean sometidas a previa licenza municipal axustaranse ó establecido no artigo 194 e seguintes da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5º.- Fase de comprobación.

Presentada a comunicación xunto con toda a documentación requirida, esta seralles remitida ás oficinas técnicas municipais, para os efectos de verificar que é completa e xustifica o cumprimento da ordenación urbanística de aplicación, as condicións de seguridade, salubridade, ordenanza municipal de accesibilidade, medio ambiente, acústica e calquera outra ordenanza que se incorpore.

A comprobación dará lugar ás seguintes situacións:

- Una vez verificada a documentación, se resulta completa e cumpre os requisitos precisos para o exercicio da actividade, **declararase comunicación conforme.**

- Se da comprobación da documentación se desprende que esta é incompleta, non xustifica o cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade, resulta inexacta e ten falsidades ou omisións de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achega, procederase á **declaración da ineficacia da comunicación** efectuada, tras o trámite de audiencia ó titular da actividade.

6º.- Fase de Inspección de instalacións, establecementos e actividades.

As actividades durante todo o seu exercicio, deberán realizarse de conformidade coa normativa aplicable e a comunicación eficazmente realizada. As actividades comunicadas poderán ser inspeccionadas durante todo o tempo que dure o exercicio da actividade e levaranas a cabo polos servizos técnicos municipais.

Nesta primeira fase en tanto non se aprobe a ordenanza municipal que regule as comunicacións das actividades e sexan autorizadas e se elabore o rexistro das Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (Eccom), inspeccionaranse as seguintes actividades: as derivadas das denuncias ou aquelas que calquera organismo solicite, as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental, as actividades de ocio e entretemento e as de restauración, aquelas actividades con superficie útil de atención ó público superior a 500 metros cadrados, dada a importancia que poidan ter sobre a seguridade das persoas, e as actividades con autorización comercial autonómica. As inspeccións destas actividades realizaranse unha vez comprobada e declarada conforme a comunicación previa.

Código Seguro de verificación: oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	08/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==	PÁGINA	4/5



Realizada a inspección pódense dar as seguintes situacións:


- Resultado de inspección favorable: procederase a comunicarlle ó titular da actividade, dando por finalizado o proceso de verificación.
- Resultado de inspección desfavorable: prodúcese ó comprobar a existencia de irregularidades cando se incumpran as medidas correctoras, ou detecte inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe. O resultado da inspección seralle comunicado ó interesado no trámite de audiencia previo á resolución na que se **declarará a ineficacia da comunicación**, ordenando o cesamento da actividade, que se manterá mentres non sexan emendadas as deficiencias detectadas.

7º.- Efectos da declaración de ineficacia da comunicación realizada

- A declaración de ineficacia da comunicación impide o exercicio do dereito ou actividade afectada, desde o momento que se coñece polo interesado.
- A declaración da ineficacia da actividade comunicada comportará o inicio das correspondentes actuacións derivadas das infraccións que en materia de actividade proceda impoñer por tales feitos, de conformidade co réxime sancionador previsto no capítulo V, da Lei 9/2013.
- A declaración de ineficacia poderá comportar o inicio das actuacións tendentes á protección da legalidade establecida na normativa urbanística.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación: oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	08/04/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==	PÁGINA 5/5
 oWBpjD9kEkFuTwISLAekBA==			